



RESERVA DE PRAZA - CURSO 2023-24

O alumnado de **6º de Educación Primaria** do CEIP Plurilingüe Xosé Fernández López que desexe continuar os seus estudos no centro adscrito IES PINO MANSO, deberá realizar a reserva de praza.

O prazo para a presentación das solicitudes será desde o 16 de xaneiro ata o 6 febreiro.

A normativa que o regula é a seguinte:

[Decreto 13/2022, do 3 de febreiro](#), polo que se regula a admisión e alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

[ORDE do 21 de outubro de 2022](#) pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).

Para presentar unha solicitude deberá seguir algunha das opción descritas a continuación:

- a través da aplicación informática [admisión alumnado](#).
- a través da [sede electrónica](#) da Xunta de Galicia,
- **ou ben cubrindo o impreso de solicitude e presentándoo asinado e en prazo na Secretaría do CEIPP Xosé Fernández López.**

A listaxe do alumnado con posto reservado será publicada o 22 de febreiro no IES PINO MANSO.